

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Chasmanthe sp.

Esta herbácea da familia das iridáceas é orixinaria de África do Sur. Posúe inflorescencias en forma de espiga, nas que cada unha das súas flores presenta forma de tubo longo e estreito, coa parte final libre e a superior máis longa e curvada.

En Galicia citouse a *Ch. floribunda* no ano 2011 en A Coruña, e cinco anos máis tarde, no ano 2016, *Ch. aethiopica* para A Illa de Arousa.

Foi introducida para usos ornamentais pola beleza das súas flores. Invade o medio natural ameazando a biodiversidade autóctona cando escapa aos cultivos ou cando son botados neles os restos da planta.

No seu lugar de orixe espállase tanto por sementes como polos bulbos que están baixo a terra.

Para evitar a súa expansión é aconsellable non cultivala nen botar os seus restos, especialmente en lugares preto de espazos naturais.



Colabora no Atlas
escribindo a
botanica@sghn.org